



**PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO (G-36.704.666) PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2023**

En Vigo, na data da sinatura dixital

**REUNIDOS**

Dunha parte, don ÁNGEL RIVAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS ESPECIAIS DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros/as de área do Concello de Vigo conforme Decreto de Alcaldía de data 21/06/2023 e 28/06/2023.

Doutra, don Camilo Pais Martínez, (DNI 35.995.159-K) como presidente da Federación de Peñas recreativas de Vigo "El Olivo", CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na rúa Otero Pedraio, nº 5 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 9939/335.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

**I.-** Os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión dunha subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do MAGOSTO 2023, que se desenvolverá os días 11 e 12 de novembro de 2023, dentro do programa de actividades "**Vigo en Festas 2023**" na Porta do Sol e na Alameda Eduardo Cabello (Bouzas). A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

**II.-** O Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver a Festa do Magosto, cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

**III.-** A Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.

**IV.-** O Concello de Vigo, a través do Servizo de Festas, está interesado en preservar a cultura, folclore e as tradicións populares galegas, como é o caso da Festa do Magosto. De igual maneira,

o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais. Neste sentido, o magosto é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo que se vén celebrando dende fai vinte anos no Casco Vello da cidade, primeiramente na Praza da Constitución, e na actualizade na Praza do Berbés e incorporando as explanadas de Navia ou Calvario.

**V.-** O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**VI.-** O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

**VII.-** Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

**VIII.** O Concello de Vigo no seu vixente presuposto, na aplicación orzamentaria 3380.489.0013, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe 9.500,00 € (nove mil cincocentos euros), a favor da Federación de Peñas Recreativas El Olivo para o desenvolvemento da Festa do Magosto 2023.

**IX.-** A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 9939/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” e, o CONCELLO DE VIGO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da Festa do Magosto 2023 que terá lugar na Porta do Sol e na Alameda Eduardo Cabello (Bouzas), os días 11 e 12 de novembro de 2023, en particular a:

1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste expediente.

6º.-Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa.

8º.- Deixar as zonas que se utilizan para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cen carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa "Vigo en Festas 2023".

4º.- Conceder directamente a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", unha subvención por importe de 9.500,00 € (nove mil cincocentos euros) co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa do Magosto 2023.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES09 2080 5077 9330 4001 6285 da entidade ABANCA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

**Oitavo.-** En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO”, está obrigado a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

**Noveno.-** A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do mes da segunda quincena do mes de novembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

**Décimo.-** No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo primeiro.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas Especiais emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola

Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas Especiais do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo xesto.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

**Décimo sétimo.-** O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2023 e non será prorrogábel.

**Décimo oitavo.-** O concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo noveno.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Vixésimo.-** Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento da cultura, conforme coa normativa de réxime local e

sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

**Vixésimo primeiro.**- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

**Vixésimo segundo.**- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

**Vixésimo terceiro.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en

materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan dixitalmente o presente convenio,

O Concelleiro Delegado da Área de Parques e Xardíns  
Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais

O presidente da Federación de  
Peñas Recreativos “El Olivo”

Ángel Rivas González

Camilo Pais Martínez